



CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL

### DECRETO

A medio da presente, convócase ós integrantes do órgano que se sinala á sesión que terá lugar na data, hora e lugar expresados, coa fin de tratar os asuntos engadidos na orde do día que se achega:

- Órgano convocado:

PLENO

- Data: Xoves, 25 de abril de 2024

- Inicio: 20:00 horas.

- Clase de convocatoria: ordinaria

- Lugar: Salón de plenos (1º andar da Casa Charry)

### orde do día

1º.- Aprobación, se procede, da acta do Pleno extraordinario que tivo lugar o día 3 de abril de 2024.

2º.- Aprobación, se procede, da solicitude de cesión do Ministerio de Transporte e mobilidade sostible .

3º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía número 2024001990 de 18 de abril do 2024, polo que se aproba a liquidación do orzamento do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2023.

4º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024001528 ata o 2024002028.

5º.- Mocións, rogos e preguntas

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer los recursos seguintes:

a)- Con carácter potestativo poderá vostede interpor un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.

b)- Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un recurso contencioso administrativo diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)





CONCELLO DE  
OLEIROS

## > SECRETARÍA XERAL

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

Notifíquese ós/ás Concelleiro/as membros deste órgano.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde e a secretaria accidental, que da fe. (asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

